

CCOO de INDUSTRIA-GALICIA, ANTE A VINDEIRA CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN XERAIS Ó PARLAMENTO DE GALICIA, QUERE AMOSAR A SÚA PREOCUPACIÓN POLA FALTA DUNHA POLÍTICA INDUSTRIAL DEFINIDA COMO FERRAMENTA INDISPENSABLE PARA FOMENTAR A REINDUSTRIALIZACIÓN EN GALICIA

9 de setembro de 2016

CCOO de Industria denunciámos o forte proceso desindustrializador que afecta á economía galega e que é máis que evidente cando comprobamos que o **valor engadido da industria manufactureira galega** reflicte un descenso de máis do 21% dende o 2008 e que **o peso da industria manufactureira galega**, no conxunto da economía, perdeu máis de dous puntos porcentuais. Deste xeito, nos afastamos, cada vez máis, da proposta de reindustrialización ditada pola Comisión Europea, na que se marcaban uns obxectivos concretos: **no ano 2020 o conxunto da industria europea deberá alcanzar o 20% do total do PIB europeo.**

Sen dúbida, a consecuencia máis dramática afecta aos traballadores e traballadoras industriais. Case **55.000 empregos perdidos** dende o comezo da crise que vén significar que un de cada catro traballadores que se queda sen emprego en Galicia pertence á industria.

É máis ca evidente que a última reforma laboral non facilita unha recuperación firme que deixe atrás a perda de emprego acumulada dende o comezo da crise; o seu fracaso queda de manifesto nos datos amosados na última EPA en que o **escaso emprego creado foi estacional, temporal e parcial, cunha importante desregulamento das condicións laborais e salarios fortemente devalados.**

Na realidade do día a día estes datos teñen o seus reflexo nos problemas reais que se presentan nos principais sectores industriais estratéxicos para a economía galega tales como:

Sector enerxético: A falta dun sistema tarifario eléctrico compatible co mantemento da competitividade daquelas empresas intensivas en consumo eléctrico provoca unha situación de incerteza no sector da produción do aluminio que ten o noso máximo expoñente nos dous centros de traballo da multinacional **ALCOA** (sen esquecer a **SGL Carbón, Ferrolatlántica ou Celsa**), empresa estratéxica, non só para a economía das comarcas onde se asenta, senón para o conxunto da nosa economía.

É urxente que a Xunta de Galicia interveña para garantir a viabilidade das plantas e o mantemento do emprego industrial nas comarcas afectadas esixindo á empresa o compromiso que está obrigada a ter coa nosa Comunidade dende a que se achegaron importantes recursos públicos necesarios para se converter nunha das plantas máis importantes do mundo.

CCOO Industria – Galicia reclama un cambio de modelo enerxético e do actual sistema de puxa do incentivo eléctrico que pon en risco a viabilidade e o emprego das plantas electrointensivas e que resulta un tropezo para o desenvolvemento do noso tecido industrial galego. Non debemos esquecer que o desenvolvemento industrial e a demanda enerxética van collidos da man.

Sector naval: Tras o fracaso do desembarco da mexicana PEMEX en Galicia despois de miles de declaracións sobre a enorme carga de traballo dos estaleiros privados, a súa crítica situación obriga a CCOO Industria – Galicia a esixir medidas encamiñadas a non deixar morrer un dos sectores tradicionais e estratéxicos para a nosa Comunidade. Tal vez, a día de hoxe, Barreras e Vulcano sexan os estaleiros que máis problemas está a ter. Pola súa parte **BARRERAS**, coa entrega do flotel de PEMEX, se queda sen carga de traballo e **VULCANO** negocia un ERE por catro meses, á espera de carga de traballo.

Ante este panorama CCOO Industria – Galicia considera imprescindible a aplicación de medias de política industrial ó sector que defina a súa estratexia sostible e de futuro

Pola súa banda NAVANTIA atópase nunha situación de fai necesaria a aplicación urxente de medidas encamiñadas a solventala. Sumida nunha situación de perdas continuas a carga de traballo non é suficiente e pon en perigo a súa viabilidade. CCOO Industria – Galicia leva tempo avisando desta situación e esixindo a negociación e posta en marcha dun plan industrial, comprometido pola SEPI, como a principal ferramenta para despexar o seu futuro industrial, debatendo a necesidade de medidas de carácter societario, financeiro, industrial, especialización, contratación e emprego coa participación da representación dos traballadores/as. Así mesmo esiximos á Xunta de Galicia a súa implicación en materia de política comercial para conseguir nova carga de traballo o que redundaría tamén na industria auxiliar, tendo en conta a importancia deste sector para a comarca de Ferrolterra.

Sector agroalimentario: A industria alimentaria en Galicia mantén unha vantaxe competitiva na nosa Comunidade que o fai un sector estratéxico na nosa economía. O escaso desenvolvemento desta industria e a escasa capacidade que ten de xerar valor engadido son dous dos seus principais problemas. Unha vez máis faise evidente a falta dunha política industrial que apoie estes sectores xa que o seu tecido industrial está en risco real de desaparecer. Como exemplo temos os recentes peches da conserveira **Modesto Carrodegas** asentada en Cariño e que daba traballo a 250 mulleres e de **Antonio Alonso** en Celeiro que daba emprego a 75 mulleres.

CCOO Industria – Galicia consideramos que o sector necesita solucións e alternativas negociadas para sectores como a industria láctea, en grave crise pola situación case agónica dos produtores; da conserva de peixe, atenazada sempre polas importacións irregulares e pola deslocalización; ou pola industria cárnica, que subsiste tamén ameazada por peches de empresas ou por reducións dos cadros de persoal.

Sector do automóbil: O do auto é outro dos sectores estratéxicos para a economía galega, tanto polo valor engadido que achega á industria como polo número de traballadores e traballadoras que emprega. O proceso de deslocalización que levaron e levan a cabo algunhas empresas do sector, xunto coa situación de recesión económica en que nos atopamos, son algúns dos factores que máis están a determinar a evolución do emprego deste sector. Por primeira vez, e despois dunha adxudicación de novos modelos a PSA, non se asentaron novas empresas provedoras en solo galego.

Tamén nos estamos atopando coa proliferación das empresas multiservizos neste sector, as cales a través da última reforma laboral do Goberno , precarizan as condicións tanto sociais como salariais dos traballadores, ao dar prioridade aplicativa ós convenios de empresa con respecto ó convenio sectorial estatal, autonómico ou de ámbito inferior aproveitando a escasa ou nula sindicalización destas empresas.

Sector téxtil: É máis ca evidente que este sector foi un dos máis afectados polo traslado do centro de gravidade do sector cara aos países emerxentes, proceso que se acelerou coa irrupción de China como primeira potencia téxtil mundial e a apertura comercial a partir do ano 2005. Neste sentido, dende o inicio da crise no 2008 e ata o 2012, a produción téxtil reduciuse un 27 %, diminución moi superior á experimentada polo conxunto da produción industrial galega (que foi dun 13,5 %), o que se traduciu nunha perda de peso do produto: a facturación media pasou de 2.175 millóns de euros no 2008 a 1.577 millóns de euros no 2013 (un 27,5 % menos). Coa mesma intensidade viuse afectado o emprego, cunha perda do 37 % dos seus ocupados dende o 2008.

A día de hoxe dúas importantes empresas no sector teñen importantes problemas para manter a súa produción e o emprego. **Adolfo Domínguez** tras anos de perdas continuadas e un proceso de adelgazamento importante do seu emprego, non consegue saír a flote. A empresa téxtil **Viriato**, con sede en Ordes acaba de presentar precurso de acredores por os seus serios problemas financeiros despois de levar a cabo unha importante proceso de reestruturación no ano 2015.

Outros sectores: Existen, ademais, un número importante de empresas con serios problemas na actualidade e que están a comprometer o emprego naquelas comarcas onde se asentán. Entre elas podemos citar a **Herculina de Armamento, Elnosa ou as empresas subcontratadas de Movistar.**

Desde **CCOO de Industria** cremos que xa non é momento de máis políticas de mercado estilo neoliberal; non podemos perder a oportunidade de que o industrial, cos seus sectores tradicionais á cabeza, sexa o sector que nos arranque desta situación, o sector que tire da economía e que nos permita deixar atrás un modelo de crecemento que racha á primeira dificultade e que xa amosou que non é válido a longo prazo.

CCOO de Industria pensamos que é o momento de propoñer medidas de dinamización económica a través do investimento público encamiñadas a impulsar a nosa industria como sector capaz de xerar emprego de calidade, de alto valor engadido con incrementos sostidos de produtividade utilizando a canle da I+D+i revertendo a actual tendencia desindustrializadora.

Non podemos nin queremos renunciar a ningún sector. É imprescindible que a **política industrial se oriente a favorecer claramente estratexias sectoriais que permitan reinventar os nosos sectores máis tradicionais** como **o naval, o téxtil, o auto, o enerxético e o sector agroalimentario** para que o seu valor engadido sexa máis elevado. Todo iso sen esquecer a necesidade urxente dunha profunda reforma do sector enerxético que poña a enerxía ó servizo das empresas e dos cidadáns para que poidan competir en igualdade de condicións.

Xa por último e non menos importante, **CCOO de Industria - Galicia** considera necesario institucionalizar o **diálogo social sectorial** no ámbito da nosa Administración autonómica con intervención de todos os axentes implicados xa que, ata o de agora, todos os intentos de trazar políticas industriais eficaces fracasaron, tanto que podemos afirmar que non existe unha seria aposta por deseñar unha política industrial sólida e de consenso por parte do Goberno galego.